



BOP

MÉRCORES, 5 DE SETEMBRO DE 2018

N.º 204

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Vilarmeá, S.L. solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.59778.

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda unifamiliar na parcela número 20553 do polígono 1 (zona 2) do catastro, na zona de policía dun rego innominado, no lugar de Forxán, na parroquia de San Martiño de Mondoñedo, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 23 de agosto de 2018.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2468

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello de Alfoz solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.63246.

As obras solicitadas consisten na substitución do leito filtrante nunha captación de augas públicas na zona de servidume do leito do rego de Adelán, no lugar das Pías, na parroquia de Santiago de Adelán, no concello de Alfoz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 23 de agosto de 2018.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2470

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Vilarmeá, S.L. solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.58276.

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda unifamiliar na parcela número 30553 do polígono 1 (zona 2), na zona de policía dun rego innominado, no lugar de Forxán, na parroquia de San Martiño de Mondoñedo, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 24 de agosto de 2018.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2471

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A M.V.M.C. Toxiza, Braña, Pena do Boi e Pombeiro solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.62050.

As obras solicitadas consisten na plantación forestal no Monte Veciñal en Man Común Toxiza, Braña, Pena do Boi e Pombeiro, no predio con referencia catastral 27030A01500301, na zona de policía do rego da Veiga, no lugar de Figueiras, na parroquia de San Martiño de Figueiras, no concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mondoñedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 23 de agosto de 2018.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2472

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA.
ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE**

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

María Dolores Vázquez Carballés solicita de Augas de Galicia un caudal de 0,29 litros/segundo de augas procedente dun pozo no lugar Fonte do Espiño, parroquia de O Burgo (Santa María), Concello de Muras (Lugo), con destino a uso gandeiro. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A27.59883

As características do aproveitamento son:

| | |
|-----------------------------|---|
| SOLICITANTE: | María Dolores Vázquez Carballés |
| CAUDAL MÁXIMO: | 0,29 litros/segundo |
| VOLUME MÁXIMO ANUAL: | 2135 m ³ |
| ORIXE: | manancial na parcela 362 do polígono 81 |
| LUGAR: | Fonte do Espiño |
| PARROQUIA : | O Burgo |
| CONCELLO: | Muras |
| DESTINO: | uso gandeiro (65 cabezas vacún) |

Descrición:

A auga cáptase mediante un pozo de aros de formigón de 1 m de diámetro na parcela 27033A081003620000FZ no lugar de Fonte do Espiño, pasando por distintas fincas e camiños ata un bebedeiro na parcela 33 no polígono 79 no lugar de Chao da Lagoa, para uso gandeiro vacún dunha explotación que se atopa en pastoreo na contorna desta última finca.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Muras ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Vicente Ferrer n º2-9º andar-A Coruña, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 27 de agosto de 2018.- O xefe do servizo territorial, P.A., Manuel Javier Jiménez Calvente.

R. 2469

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN PROVINCIAL

Anuncio

EXPOSICIÓN MATRÍCULA IAE-2018

De conformidade co establecido no artigo 3 e 4 do Real decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal do dito Imposto, ponse a disposición dos interesados a matrícula do ano 2018 correspondente as cotas municipais dos concellos que se relacionan, a fin de que os contribuíntes poidan consultar os seus datos. A matrícula estará a súa disposición nas oficinas dos concellos respectivos e nas oficinas do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación Provincial de Lugo (sitas na Rúa Tui, núm 5-baixo, 27004 Lugo) durante o prazo de **QUINCE DÍAS** contados a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra os actos de inclusión, exclusión ou alteración dos datos censais poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de reposición ante a Axencia Tributaria ou reclamación económico-administrativo ante o Tribunal Administrativo Rexional, en ambos casos, a contar dende o día seguinte ao término da exposición da matrícula.

Concellos: Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castrovirde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourense, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

Lugo, 6 de xullo de 2018.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-7-2016, A Deputada Delegada de Economía Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez.

R. 2485

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 28/08/2018, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xullo do 2018 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 29/10/2018. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 29 de agosto de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2473

MURAS

Anuncio

Polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Muras, en sesión celebrada en data 30 de xullo de 2018, aprobouse a Ordenanza Municipal de Servizo de Axuda no Fogar, na cal se derroga a publicada no BOP de Lugo, en data 28 de maio de 2014. A mesma expónse o público na Secretaría deste Concello por termo de VINTE DIAS, contados a partir da súa publicación no BOP. De non presentárense reclamacións contra a mesma, entenderase definitivamente aprobada.

Muras, a 23 de agosto de 2018.- ALCALDESA EN FUNCÍONS, Belén Chao Ramil.

R. 2474

Anuncio

Polo Pleno da Corporación en sesión Plenaria celebrada en data 30 de xullo de 2018, aprobouse a Ordenanza Municipal de Emerxencia Social do Concello de Muras. Exponse o público na Secretaría deste Concello por termo de quince días, contados a partir da publicación no BOP de Lugo. De non presentárense reclamación contra a mesma, entenderase definitivamente aprobada.

Muras, a 23 de agosto de 2018.- ALCALDESA EN FUNCÍONS, Belén Chao Ramil.

R. 2475

PANTÓN

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA MODIFICACION DE CREDITO

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 16 de xullo de 2018, sobre o expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo *ao remanente líquido de tesorería*, como segue a continuación:

Estado de Gastos

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | DESCRIPCIÓN | Euros |
|-------------------------|-----------|---------------------------------------|-----------------|
| Progr. | Económica | | |
| 920 | 619 | Reforma interior da casa consistorial | 7.764,71 |
| | | TOTAL GASTOS | 7.764,71 |

Estado de Ingresos

| ECONÓMICA | DESCRIPCIÓN | Euros |
|------------------|--------------------------------|--------------|
| Concepto | | |
| 870 | Remanente líquido de tesorería | 7.764,71 |
| | TOTAL INGRESOS | 7.764,71 |

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Pantón, a 28 de agosto de 2018.- O Alcalde, Jose Luis Alvarez Blanco.

R. 2476

TRIACASTELA

Por Decreto de Alcaldía de 21 de agosto de 2018, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación de dous traballadores/as a xornada completa para o posto de:

- peón de obra pública ao abeiro do Programa Fomento do Emprego de conformidade ao Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018 da Deputación Provincial de Lugo

Duración dos contratos: 12 meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Mais información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de edictos do concello de Triacastela.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Triacastela, 21 de agosto de 2018.- A alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 2402

VIVEIRO*Anuncio*

En cumprimento das previsións dos artigos 44, 46 e 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publícase a Resolución dictada pola Alcaldía en data 29 de agosto de 2018, que literalmente di:

“En virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 43, 46, 47, 52 e 112 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que no Concello de Viveiro en función da súa poboación, segundo o previsto no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 59 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é preceptiva a existencia da Xunta de Goberno Local.

Resultando que segundo establece o artigo 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno Local está integrada polo Alcalde, que a preside, e concelleiros nomeados libremente por él como membros da mesma, prevendo que o alcalde pode cesar libremente, en todo momento a calesqueira membros da Xunta de Goberno. Segundo o establecido en dito artigo o número de concelleiros que o Alcalde pode nomear como membros da Xunta de Goberno Local non pode superar o tercio do número legal de membros da Corporación, e que os nomeamentos e ceses se realizarán coas formalidades previstas no artigo 46 da referida norma.

Resultando que segundo prevé o artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde, de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Resultando que según establece o artigo 46 do ROF, os nomeamento e ceses dos Tenentes de Alcalde realizarase mediante Resolución da Alcaldía da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde, se na mesma non se dispón outra cousa.

O artigo 52 prevé que os nomeamentos e ceses dos membros da Xunta de Goberno Local serán adoptados coas formalidades prescritas no artigo 46, remitíndose polo tanto ó procedemento previsto para o nomeamento e cese dos Tenentes de Alcalde.

Resultando que en data 22 de xuño de 2015 se adoptou pola Alcaldía resolución na que se momeou aos membros da Xunta de Goberno Local, entre os cales se atopaba a concelleira D^a. María Isabel Rodríguez López, sendo nomeada así mesmo na citada resolución 2^a tenente de alcalde.

Resultando que a referida concelleira presentou a renuncia ao seu cargo nesta Corporación, tomándose razón do mesmo na sesión plenaria de data 21 de agosto de 2018, cesando consecuentemente na súa condición de membro da Xunta de Goberno Local e 2^a tenente de alcalde.

Esta Alcaldía ten a ben dictar a seguinte RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Nomear como membro da Xunta de Goberno Local á seguinte concelleira:

- D^a. María Soledad Rey Yáñez.

Deste xeito, a Xunta de Goberno Local, que estará presidida pola Alcaldesa, queda integrada polos seguintes concelleiros:

- a) D. Jesús Antonio Fernández Cal.
- b) D. Jesús Fernández Fernández.
- c) D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.
- d) D. Emilio Villarmea Méndez.
- e) D^a. María Soledad Rey Yáñez.

SEGUNDO.- Nomear como Tenentes de Alcalde ao seguinte concelleiros:

2º TENENTE DE ALCALDE: D. Jesús Fernández Fernández.

3º TENENTE DE ALCALDE: D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.

Deste xeito quedan nomeados como Tenentes de Alcalde os seguintes concelleiros:

1º TENENTE DE ALCALDE: D. Jesús Antonio Fernández Cal.

2º TENENTE DE ALCALDE: D. Jesús Fernández Fernández.

3º TENENTE DE ALCALDE: D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.

TERCEIRO.- Os presentes acordos surtirán efectos dende o día seguinte á data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte o establecido nos artigos 44, 46 e 52 do ROF.

CUARTO.- A presente Resolución será notificada persoalmente ós concelleiros nomeados na presente resolución como Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local.

QUINTO.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre".

En Viveiro, á 29 de agosto de 2018.- .A ALCALDESA, María Loureiro García, Ante min, A SECRETARIA XERAL, a efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, M.^a Luz Balsa Rábade.

R. 2477

Anuncio

Ponse en coñecemento que polo Pleno da Corporación do Concello de Viveiro, na sesión celebrada en data 21 de agosto de 2018 acordouse incoar o expediente de deslinde do "Ramal Camiño Roufelle 1".

O expediente de deslinde tramítase tendo en conta o R.D. 1327/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), e segundo o establecido nos artigos 60 e seguintes do RBEL.

Fíxase como data para o apeo (inicio das operacións de deslinde) o día 14 de xaneiro de 2019 ás 11:00 horas no "Ramal Camiño Roufelle 1".

As fincas colindantes co camiño obxecto do deslinde corresponden ás relacionadas a continuación:

- Ref. Catastral 3973425PJ1337S0002WZ Localización: Camiño Roufelle 3 - Celeiro Superficie catastral: 388 m2
- Ref. Catastral 3973419PJ1337S0001BB Localización: Camiño Roufelle 1 - Celeiro Superficie catastral: 109 m2
- Ref. Catastral 3973433PJ1337S0002QZ Localización: Estrada Ribadeo- Camiño Roufelle 937 Superficie catastral: 108 m2
- Ref. Catastral 3973409PJ1337S0002RZ Localización: Estrada Ribadeo- Camiño Roufelle 117 Superficie catastral: 34 m2
- Ref. Catastral 3973408PJ1337S0002KZ Localización: Estrada Ribadeo- Camiño Roufelle 15 Superficie catastral: 309 m2
- Ref. Catastral 3973426PJ1337S0002AZ Localización: Camiño Roufelle 6 - Celeiro Superficie catastral : 166 m2

As labores de deslinde serán coordinadas pola arquitecta técnica municipal D^a. Irene Fernández Cora, coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo para a execución dos levantamentos topográficos.

Infórmase aos interesados que poderán presentar ante a Corporación, ata os vinte días anteriores ao comezo dos labores de deslinde, cantos documentos estimen para acreditar a proba en defensa dos seus dereitos, advertindo que transcorrido o devandito prazo non se admitirá documento nin alegación algunha.

En Viveiro, a 27 de agosto de 2018.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 2478

Anuncio

Polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada en data 21 de agosto de 2018 acordouse iniciar o procedemento de investigación de oficio do camiño "Camiño do Cotelo", segundo o trazado que consta no inventario de bens municipais.

Características do camiño

Denominación: "Camiño do Cotelo".

Situación: Parroquia de Galdo.

Lindeiros: De Camiño Pontigo-Feira a Cotelo.

Superficie: 184 m2.

Lonxitude: 92 m.

Anchura: 2 metros.

Este acordo de inicio de expediente de investigación expónse ó público por un período de 15 días, podendo presentarse alegacións no prazo dun mes dende o remate do período de exposición ó público, segundo establecen os artigos 49 e 50 do RBCL.

En Viveiro, a 24 de agosto de 2018.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 2479
